

NIF: G15310667

ACTA ASAMBLEA ORDINARIA DE SOCIAS E SOCIOS DA ANPA A FERRADURA 7/5/24

Convocouse a todos os socios e socias a unha ASEMBLEA ORDINARIA da ANPA 'A Ferradura', a celebrar no Salón de Actos do CEIP Pío XII o martes 7 de maio ás 16.00 horas en primeira convocatoria e ás 16.30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da Asemblea ordinaria do 5 de outubro de 2023 e da asemblea extraordinaria do 26 de outubro de 2023.
2. Información sobre os resultados da enquisa realizada ás familias usuarias do servizo de comedor e sobre a renovación do contrato de servizo de cátering con Chicolino
3. Información sobre as propostas de novas actividades extraescolares para o curso 24/25
4. Información sobre o inicio do prazo de inscricións para as actividades da Anpa no curso 24/25
5. Información sobre as xuntanzas do Consello Escolar
6. Información sobre o acordo alcanzado con familias da ANPA para desenvolver liñas de colaboración en materia de comercio local
7. Rogos e preguntas.

A xuntanza abre a súa sesión ás 16.35 horas coa asistencia de 41 socios e socias (acompañase listaxe en documento adxunto).

Punto 1. Lectura e aprobación da acta da Asemblea ordinaria do 5 de outubro de 2023 e da asemblea extraordinaria do 26 de outubro de 2023.

A acta correspondente á sesión ordinaria do 5/10 apróbase con 40 votos a favor e 1 abstención

A acta da sesión extraordinaria apróbase con 37 votos a favor, 3 abstencións e 1 voto en contra

Punto 2. Información sobre os resultados da enquisa realizada ás familias usuarias do servizo de comedor e sobre a renovación do contrato de servizo de cátering con Chicolino

Os principais indicadores da enquisa realizada entre as persoas usuarias do servizo de comedor deixan unha valoración positiva do estado actual do servizo. Infórmase igualmente de que se vai incrementar nun 15% os prezos do menú se ben a Anpa asumirá parte do incremento.

NIF: G15310667

Á vista dos comentarios de distintos socios e socias presentes, valorarase realizar unha auditoría externa especializada para avaliar o cumprimento das recomendacións nutricionais en canto a composición do menú que se serve.

Do mesmo xeito, de cara á futura renovación do servizo de menú coa empresa que o preste estudaranse formas de consulta cos socios e socias para acadar o maior consenso posible na decisión (por exemplo, a través de enquisas de satisfacción).

Propóñense distintas suxestións en relación ao servizo de comedor: ofrecer formación sobre persoas celíacas, incidir na hixiene dos rapaces e rapazas e o fomento de recordatorios sobre a necesidade de manter normas básicas de comportamento.

Punto 3. Información sobre as propostas de novas actividades extraescolares para o curso 24/25

Infórmase da existencia de ofertas para reorganizar a oferta de actividades extraescolares de cara ao curso próximo, xa que no caso das que se desenvolven en aulas, existe dispoñibilidade de espazos. As que se celebran con monitores propios, continuarían sen novidade. Eliminaríanse baile urbano e atópase en dúbida de celebración bádminton, sendo previsible que se substitúa robótica por outras actividades relacionadas coas TIC.

Valorarase a posibilidade de engadir teatro, música, ximnasia rítmica, técnicas de estudo ou actividades de hábitos respectuosos co medio ambiente. Valoraranse as propostas de empresas que ofrecen paquetes pechados vinculados cunha cota mensual.

Punto 4. Información sobre o inicio do prazo de inscricións para as actividades da Anpa no curso 24/25

A idea é que o inicio de inscricións se realice o 20 de maio ás 11.00 horas, destacando que a intención é que no comedor non quede ningunha solicitude sen atender.

Punto 5. Información sobre as xuntanzas do Consello Escolar

Ademais de dar conta da información dispoñible, solicítase a colaboración de todas as socias e socios que teñan achegas que trasladar ao consello, quedando a directiva da Anpa a disposición de quen teña propostas que realizar.

Punto 6. Información sobre o acordo alcanzado con familias da ANPA para desenvolver liñas de colaboración en materia de comercio local



Estudarase a implantación dun sistema de identificación de familias e socios membros da Anpa, a través da adquisición dun mecanismo para a produción de tarxetas identificativas. Do mesmo xeito, estas tarxetas e a condición de socios da Anpa permitirán avanzar na definición de acordos con comercios locais de Santiago,

NIF: G15310667

con especial atención a aqueles que puideran estar rexentadas polos propios socios e socias da Anpa.

Neste sentido convocarase unha xuntanza con posibles interesados/as para definir as posibles vantaxes comerciais.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.50 horas

	
Ado. Secretario	Vº Bº Presidente
Roberto D. Castro Sieiro	Borja Suárez Fuentes